

Doc. 1 Crise das democracias.

Non foi senón despois da guerra cando as ditaduras irromperon en Europa [...].

A dicir verdade, baixo a pomposa divinización do Estado non era difícil descubrir algunhas paixóns e egoísmos. Estas paixóns eran: o desquite ofensivo das autocracias contra as democracias, baixo unha forma violenta que é o efecto dos hábitos de guerra; a loita incitada polos industriais e os grandes terratenentes aparentemente contra o perigo bolchevique, en realidade, contra toda forma de movemento socialista; e, finalmente, aínda que de menor importancia, polo menos fóra de Alemaña, o movemento antisemita.

Un certo desencanto respecto ás vellas institucións parlamentarias fixo o resto.

Conde de SFORZA*,
Ditateurs et dictatures d'après guerre, 1931

*Conde CARLO SFORZA (1878-1952): político e diplomático italiano. Embaixador en París (1922), dimitiu e exiliouse cando Mussolini subiu ao poder en Italia.

Segundo o autor deste texto, cales foron as causas do ascenso das ditaduras en Europa?



Doc. 2 Cartel editado por un grupo de empresarios para as eleccións lexislativas francesas de 1919 co texto 'Como votar contra o bolchevismo?'

Como mostra este cartel a tensión política en Europa na época de entreguerras?

1 Democracias e ditaduras na Europa de entreguerras

A crise das democracias tivo as súas orixes na conxunción dunha dobre ameaza. Dun lado, estaba a ameaza das organizacións de dereitas conservadoras, antidemocráticas e nacionalistas e, sobre todo, dos novos grupos de extrema dereita de ideoloxía totalitaria e ultranacionalista: os movementos fascistas. E, por outro, premia o comunismo soviético, que desde 1917 implantara unha ditadura en Rusia e actuaba por medio do Komintern (Internacional Comunista) para estender a revolución a outros países.

Os extremismos víronse reforzados polas dificultades internas de moitos países como consecuencia da Primeira Guerra Mundial e agudizáronse pola grave depresión dos anos trinta.

1.1. O contexto da crise das democracias

Tras a Primeira Guerra Mundial a democracia consolidouse en Europa. A ampliación dos dereitos individuais e a extensión do sufraxio universal masculino, e, nalgúns casos, tamén o feminino, significou a xeneralización da democracia parlamentaria e pluripartidista. Así, cara a 1920, a Europa da posguerra estaba formada por vinte e oito Estados, e todos eles, salvo dous (Rusia e Hungría), eran democracias ou sistemas parlamentarios.

Non obstante, a pesar deste aparente triunfo da democracia, os Gobernos democráticos non foron capaces de resolver os graves problemas políticos, sociais e económicos da Europa de entreguerras. Por esta razón, amplios sectores da poboación pensaron que a democracia liberal parlamentaria era incapaz de facer fronte aos novos e dramáticos desafíos da posguerra e defenderon a necesidade de contar con Estados fortes e autoritarios.

(Doc. 1)

Nun primeiro momento, a procura de Gobernos autoritarios xustificouse polo desexo de evitar o contaxio revolucionario logo da implantación en Rusia dun réxime comunista e do estalido de revolucións comunistas en Hungría e Baviera (Alemaña), e de ondas de folgas e reivindicacións obreiras en todo o occidente europeo, entre os anos 1919 e 1920. (Doc. 2)

Posteriormente, a crise económica dos anos trinta produciu unha convulsión xeral. Os seus terribles efectos (incremento do paro e agravamento da conflictividade) traducíronse nunha fonda desconfianza da poboación cara aos seus gobernantes e na radicalización das posturas políticas. Os principios liberais foron cuestionados e un dramático retroceso político e cultural dos valores democráticos estendeuse por todas as partes. Burguesía e clases medias esperaban que un Estado forte impuxese a disciplina e a cohesión nacional fronte á crise, mentres que gran parte das clases baixas vían na revolución a única saída para os seus múltiples problemas.

Amparándose na necesidade de frear a revolución, o fascismo* e o nazismo* defenderon un nacionalismo exaltado e agresivo, o totalitarismo* e o partido único como solucións. Consequiron deste xeito o apoio dos sectores sociais máis temerosos da revolución.



Doc. 3 Sir Oswald Mosley nunha concentración da Unión Británica de Fascistas en Londres, 4 de outubro de 1936.

- ▶ Por que na Europa de entreguerras a democracia só puido resistir nalgúns países o desafío das organizacións fascistas?
- ▶ Que elementos simbólicos do fascismo aprecias nesta imaxe?
- ▶ Investiga e explica quen foi sir Oswald Mosley.

1.2. O triunfo das ditaduras

A democracia só subsistiu nas nacións en que estaba máis asentada: as vellas democracias de Europa occidental, os países escandinavos e algúns países centroeuropeos como Checoslovaquia. Aínda que tamén nestes países naceron organizacións e partidos fascistas (Liga das Cruces de Lume en Francia, Unión Británica de Fascistas, Partido Rexista belga...), non chegaron a constituír unha ameaza grave. (Doc. 3)

Nas nacións de longa tradición democrática, novas experiencias aseguraron o funcionamento das institucións. O capitalismo reformouse e incrementouse o papel económico do Estado; ademais, integrouse aos partidos socialistas no xogo parlamentario.

Con todo, nos países de Europa central, oriental, balcánica e mediterránea, con escasa tradición democrática e que padecían unha grave crise económica e unha grande inestabilidade social, o sistema parlamentario fracasou e impuxéronse ditaduras nacionalistas radicais de dereitas entre os anos 1922 e 1939.

En 1939 a maioría dos sistemas políticos de Europa eran autoritarios e a forma máis común eran as ditaduras de dereitas. En Austria, España, Hungría e Romanía as organizacións fascistas chegaron a ter un papel importante. Pero só en Italia en 1922 e en Alemaña en 1933 se impuxeron ditaduras plenamente fascistas.

ACTIVIDADES

1. **Define:** democracia, ditadura, totalitarismo.
2. **Explica** por que se produciu a crise das democracias liberais europeas no período de entreguerras.
3. **Compara** o que ocorreu nas novas democracias e nos países cunha longa tradición democrática na Europa de entreguerras.
4. **Analiza** as causas de que certos sectores da sociedade europea visen nas ditaduras a solución para os problemas da posguerra.
5. **Avalía** os efectos na Europa de entreguerras do avance das organizacións e movementos de ideoloxía autoritaria, antidemocrática e ultranacionalista.

*Fascismo: En sentido estrito este termo refírese á doutrina e á ditadura implantada por Benito Mussolini en Italia en 1922 e que se caracteriza por unha concepción totalitaria do Estado. Por extensión aplícase a todas as ditaduras do século XX que se inspiraron en maior ou menor grao no fascismo italiano.

*Nacionalsocialismo (ou abreviadamente nazismo): Movemento e sistema político implantado en Alemaña en 1933. Os seus principios ideolóxicos son similares aos do fascismo, pero caracterízase, ademais, pola súa exaltación da superioridade da raza aria e polo seu antisemitismo.

*Totalitarismo: Réxime ditatorial que aspira a controlar todas as ordes da vida dun Estado, concentrando os poderes nunha persoa ou nun partido.

Doc. 4 Fascismo, Estado e democracia.

Sendo antiindividualista, o sistema de vida fascista pon de relevo a importancia do Estado e reconece ao individuo só na medida en que os seus intereses coinciden cos do Estado. [...] A concepción fascista do Estado abrangueo todo [...]. Entendido desta maneira, o fascismo é totalitarismo [...].

O fascismo nega que o número, polo feito de ser número, poida dirixir as sociedades humanas, nega que este número poida gobernar grazas a unha consulta periódica. Afirmar a desigualdade indeleble, fecunda e benfexora dos homes, que non é posible nivelar grazas a un feito mecánico e exterior coma o sufraxio universal. Pódense definir os réximes democráticos como aqueles que lle dan ao pobo, de tempo en tempo, a ilusión da soberanía.

BENITO MUSSOLINI, *A doutrina do fascismo*, 1932

- ▶ Como concibe o Estado o fascismo?
- ▶ Como explicaba Mussolini o rexeitamento pola democracia?

2 Ideoloxía e bases sociais do fascismo

Nas décadas de 1920 e 1930 produciuse en Europa a eclosión dunha nova ideoloxía e forma de organización política, o fascismo.

2.1. A ideoloxía fascista

A ideoloxía fascista tiña unhas características ben definidas:

- Defendía un **Estado totalitario** con control sobre todas as esferas da vida. Propugnaba a primacía do Estado sobre o individuo e a negación dos principios liberais, como a igualdade das persoas, os dereitos individuais e a separación de poderes. (Doc. 4)
- Apoiaba un **sistema político ditatorial de partido único**. Este partido sustentábase no principio de liderado, segundo o cal o poder recaía nun xefe cun poder «carismático». O fascismo tratou de moldear unha sociedade asentada nos principios da xerarquía, da orde, da obediencia e da autoridade indiscutible dun home excepcional. Así estableceuse o **culto á personalidade do líder**.
- Outra característica era un radical **anticomunismo** e, ao principio, **anticapitalismo**. O fascismo propoñía unha «terceira vía» alternativa ao socialismo marxista e ao capitalismo. Defendía a creación dun «socialismo nacional» capaz de acabar co conflito de clases e de atraer tanto ás clases medias ameazadas polo proceso de concentración capitalista coma aos obreiros, oprimidos polo medo ao desemprego e á miseria.
- Mantiña un **nacionalismo agresivo, expansionista e militarista**, que esixía unha nova posición para a súa nación no mundo. Estas ideas expansionistas orientaban os fascismos cara á guerra.
- Os fascistas eran todos **racistas**. No nazismo, o racismo e o antisemitismo convertéronse na doutrina central, como elemento aglutinador da unidade nacional, baseada na superioridade da raza aria, que tiña dereito a subxugar as razas inferiores. (Doc. 5)

Doc. 5 O antisemitismo nazi.

Ilustración dun libro de texto para as escolas alemás titulado *O cogomelo venenoso*, publicado en 1938.

- ▶ Describe a escena.
- ▶ Por que se expulsa a un profesor e ao grupo de nenos situados á esquerda da imaxe? Que diferenzas ves entre os expulsados e o resto dos nenos?
- ▶ Por que crees que se publicaron este tipo de ilustracións nun libro de texto das escolas alemás nesa época? Que crees que significa o título do libro?





Doc. 6 Desfile de membros da Balilla fascista (1931).

- Como visten os nenos desta imaxe? Que fan?
- Investiga e explica que era a Balilla fascista.
- Con que obxectivo se encadraba aos nenos e aos mozos nestas organizacións uniformadas e sometidas a unha disciplina militar?

- Defendía a **violencia** fronte aos oponentes políticos. A violencia considerábase un valor positivo e incluso terapéutico.
- Os partidos fascistas pretendían **mobilizar as masas** e encadralas no seo do partido e o sindicato únicos e nas súas milicias ou organizacións paramilitares. As **milicias do partido** outorgaron grande importancia aos símbolos, mitins e desfiles. (Doc. 6)
- Tamén **exaltaban os principios masculinos**, relegando a muller á crianza dos fillos e aos labores do fogar.

2.2. As bases sociais do fascismo

Os partidos fascistas nunca lograron un apoio popular total, pero a súa base social, minúscula ao principio, foise incrementando paulatinamente ata alcanzar nalgúns países unha gran forza (casos de Alemaña e Italia).

O fascismo recrutou os seus primeiros seguidores entre **oficiais e combatentes desmobilizados** tras a Primeira Guerra Mundial que tiveron unha difícil adaptación á vida civil. Tamén contou co apoio de **mozos activistas e románticos**, impresionados pola guerra e frustrados pola «ineficacia» do sistema liberal. Despois sumáronse membros das **clases medias** afectados pola crise económica e temerosos da expansión do comunismo; e un importante sector da **clase obreira**, que encontrou atractiva a mensaxe extremista e violenta do fascismo.

O fascismo tamén contou co apoio dos **grandes empresarios e terratenentes**. En principio, estes financiaron as organizacións fascistas para usalas como forzas de choque fronte a socialistas e comunistas. Máis tarde, axudáronas para favorecer a **instauración dun poder executivo forte, capaz de reorganizar a economía, superar a crise e deter a axitación obreira**. Cando os movementos fascistas eliminaron dos seus programas a **demagogia revolucionaria anticapitalista**, apoiáronos totalmente.

A toma do poder polo fascismo e o nazismo non pode explicarse sen os apoios que recibiu das propias institucións do Estado liberal: o **exército** e a **policía** toleraron e incluso colaboraron nas accións violentas que as organizacións fascistas realizaban para **atemorizar os seus inimigos e conquistar o poder**.

ACTIVIDADES

6. **Define:** fascismo, racismo, antisemitismo.
7. **Enumera** as principais características do fascismo.
8. **Compara** as características do fascismo coas dunha democracia.
9. **Xustifica**, de forma razoada, cal dos dous tipos de réximes políticos prefires.
10. **Compara** o totalitarismo fascista co comunista indica as súas similitudes e diferenzas.
11. **Explica** quen apoiou o fascismo e por que.
12. **Investiga** en Internet sobre a orixe dos símbolos fascistas.



Doc. 7 Ocupación dunha fábrica durante o «Bienio Vermello» (1919-1920).

- ▶ Que causas explican as ocupacións de fábricas na Italia da posguerra?
- ▶ Por que se coñecen estes anos como o «Bienio Vermello»? Que efectos produciu na burguesía industrial e nos terratenentes?



Benito Mussolini (1883-1945)

Naceu en Predappio (Italia).
Cursou estudos de Maxisterio.
En 1900 afiliouse ao Partido

Socialista. En 1914 pronunciouse a favor da intervención de Italia na Primeira Guerra Mundial e foi expulsado do partido.

Grande orador e polemista, co apoio dos grandes propietarios e industriais e co beneplácito do Exército, dos liberais e do rei, foi nomeado primeiro ministro tras a «Marcha sobre Roma» en 1922. En 1924, tras o asasinato do deputado socialista Matteotti, implantou unha ditadura totalitaria en Italia. En abril de 1945, nos estertores da Segunda Guerra Mundial, intentou fuxir a Suíza, pero foi descuberto pola resistencia e fusilado xunto coa súa compañeira, Clara Petacci.

3 A Italia fascista

3.1. A crise do réxime liberal italiano

O final da guerra tivo en Italia graves efectos económicos e sociais. Tras a desmobilización dos soldados, o número de **desempregados** elevouse a dous millóns e a **inflación** disparouse ata o punto de que o custo da vida en 1919 era catro veces superior ao de 1913. Italia viuse envolta nunha vaga de **folgas obreiras** para lograr o aumento dos salarios e a redución da xornada laboral a oito horas. Tamén estalaron múltiples revoltas das ligas de campesiños pobres, que esixían a división dos latifundios e a repartición das terras.

Nos anos 1919 e 1920, durante o chamado «**Bienio Vermello**», as folgas estendéronse e deron lugar a **ocupacións de fábricas e de terras**. Isto atemorizou os empresarios e os terratenentes, así como a amplos sectores das clases medias, ante a ameaza de que se producise unha revolución de tipo bolxevique. (Doc. 7)

Ademais, a guerra acrecentara a **crise do sistema de monarquía liberal e parlamentaria e dos partidos tradicionais** (conservadores e liberais). En 1913 implantárase o **sufrixio universal masculino**, e isto provocou un **forte crecemento dos partidos de masas** (Partido Socialista e Partido Popular, de signo católico), mentres que os partidos liberais perderon apoio.

O **Partido Socialista Italiano** non logrou xuntar as masas obreiras debido ás **continuas friccións** entre os seus dous sectores: os **reformistas**, partidarios de colaborar cos grupos da esquerda liberal no Parlamento, e os **maximalistas**, que defendían a revolución. A fenda entre ambas as faccións abriuse co fracaso do movemento revolucionario de 1920 e, en 1921, a corrente maximalista fundou o **Partido Comunista de Italia**.

Á inestabilidade social sumábase a frustración polos resultados da Primeira Guerra Mundial, na que Italia loitou ao lado dos aliados. O feito de que non se cumprisen as promesas que os demais aliados fixeran a ese país provocou a **indignación dos nacionalistas**, que reivindicaban Fiume (Rijeka). O poeta Gabriele D'Annunzio, xunto a un grupo de excombatentes **-arditi-** e algunhas unidades amotinadas do exército, ocuparon esa cidade, pero o Goberno italiano obrigounos a evacuala pola forza.

3.2. A marcha ao poder do fascismo

O fundador do fascismo foi **Benito Mussolini**, que pasou de encabezar a ala radical do Partido Socialista a converterse en **nacionalista extremo** e director do periódico *Il Popolo d'Italia*, desde o que **esixía unha agresiva política exterior e unha dura política anticomunista dentro de Italia**.

En 1919 Benito Mussolini fundou en Milán os **Fascios Italianos de Combate**, un grupo paramilitar de carácter **ultranacionalista**. Os membros identificábanse pola súa **camisa negra**. O seu núcleo principal era moi heteroxéneo: antigos anarquistas e sindicalistas revolucionarios, socialistas partidarios da intervención na guerra ligados a Mussolini, ultradereitistas, nacionalistas e excombatentes das tropas de asalto. Os fascistas erixíronse en defensores a ultranza das **reivindicacións nacionalistas dentro dun programa socialista revolucionario**. (Doc. 8)

Doc. 8 Primeiro programa do fascismo.

Para os problemas políticos:

- a) Sufraxio universal [...].

No que concerne aos problemas sociais, propugnamos:

- a) A inmediata aprobación dunha lei que asegure e garanta a xornada de oito horas.
b) [...] Un salario mínimo. [...]
d) Traslado de industrias e servizos públicos ás organizacións proletarias [...].

Polo que atinxe aos problemas militares: [...]

- c) Unha política internacional que teña como obxectivo elevar o lugar da nación italiana ata a máxima altura [...].

Polo que respecta aos problemas financeiros:

- a) Establecemento dun forte imposto sobre o capital, de tal xeito que obre como nivelador parcial da riqueza.
b) Confiscación de todos os bens das ordes relixiosas [...].

Programa político dos Fascios Italianos de Combate, agosto de 1919

Por que se di que este programa era «revolucionario»?

Unha das súas primeiras accións violentas, executada polos **escuadristas***, foi a destrución, en 1919, das oficinas do diario socialista *Avanti*, porque consideraban que difundía sentimentos antinacionalistas.

O movemento fascista era aínda minoritario en 1919-1920. Pero, ante a crecente desconfianza dos italianos cara ao réxime parlamentario, **logrou aumentar os seus apoios sociais**: parte das clases medias, os empresarios da gran patronal italiana (a Confindustria), os terratenentes e propietarios agrícolas, así como a complicidade de sectores do exército e da policía. Todos eles viron no movemento fascista un instrumento de «orde» que prometía poñer fin aos conflitos sociais e ao socialismo revolucionario.

Mussolini, consciente da necesidade de consolidar estes apoios, cambiou de táctica. Por un lado, abandonou a súa tendencia revolucionaria e preparou ao fascismo para a loita parlamentaria; para iso, en 1921 transformou os fascios no **Partido Nacional Fascista**. (Doc. 9) Por outro, o fascismo converteuse nun movemento de **represión das organizacións obreiras e campesiñas**. Organizou escuadróns de combate que atacaban as sedes dos partidos de esquerdas, os sindicatos e as cooperativas. A violencia, xunto ao desprazamento á dereita, foi o instrumento para alcanzar o poder.

En agosto de 1922 os socialistas promoveron unha **folga xeral** contra a violencia fascista. Pero a folga foi un fracaso e acabou favorecendo a Mussolini.

En outubro de 1922, nunha reunión do mando fascista en Nápoles, **decidiuse a «Marcha sobre Roma» dos escuadristas co obxecto de esixir un Goberno cun mínimo de seis ministros fascistas**. (Doc. 10)

Os fascistas non lograrían o poder sen a **connivencia das forzas do Estado** (o Exército, moitos políticos...). Pero a responsabilidade directa foi do rei Vitor Manuel III, quen se negou a sancionar o Estado de sitio presentado polo seu primeiro ministro, o que tería freado a insurrección fascista. O 29 de outubro, o rei enviou un telegrama a Mussolini no que lle solicitaba que formase Goberno.

Doc. 9 Programa do Partido Nacional Fascista.

Principios de política interior:

O Estado ten que ser o celoso gardián, o defensor e o propagador da tradición nacional, do sentimento nacional, da vontade nacional.

Principios de política exterior:

Italia ten que recuperar a súa función de bastión da civilización latina no Mediterráneo e impoñer o imperio da lei sobre os pobos de nacionalidade diferente ligados a Italia.

Principios de política social:

O fascismo reconece a función social da propiedade privada, que é á vez un dereito e un deber [...].

O PNF esforzarase en disciplinar as loitas [...] entre as diversas clases, e en sancionar e facer respectar [...] a prohibición da folga dos servizos públicos.

Programa do PNF, publicado en *Il Popolo d'Italia*, 27 de decembro de 1921

► Compara o primeiro programa do fascismo con este e resalta as principais diferenzas.

► A que cres que se deberon estes cambios?

*Escuadristas: Militantes armados organizados polos xefes locais fascistas. Distinguíanse polo seu uniforme de camisa negra.



Doc. 10 «Marcha sobre Roma».

► Describe a imaxe. Investiga e explica que foi a «Marcha sobre Roma».

Doc. 11 Os poderes de Mussolini.

El [Mussolini] é a encarnación suprema do poder executivo; elixe os seus ministros, que son responsables ante o rei, pero tamén ante el; el decide o número de ministerios e pode asumir persoalmente varias carteiras ministeriais; forma parte do consello de tutela dos membros da familia real e exerce as funcións de chambelán da coroa; as cámaras non poden abordar ningunha cuestión sen o seu consentimento previo; transcorrido un prazo de tres meses, ten o dereito a volver presentar un proxecto de lei previamente rexeitado por unha das dúas cámaras [...].

Lei do 24 de decembro de 1925

▶ Que poderes outorgou esta lei a Mussolini?

Doc. 12 Portada da revista *Azione Imperiale* exaltando o expansionismo italiano.

- ▶ Cal era o obxectivo da política exterior de Mussolini?
- ▶ Que mensaxe pretende transmitir a portada desta revista?



3.3. A etapa parlamentaria

Os anos 1922-1925 foron cruciais para o paso do réxime liberal á ditadura fascista. Ao principio Mussolini, como primeiro ministro, pareceu mostrar un certo respecto cara ao réxime liberal. Organizou un **Goberno de coalición** e conseguiu do Parlamento poderes extraordinarios.

En 1924, tras a aprobación dunha nova lei electoral, os fascistas e os partidos que apoiaban ao Goberno lograron nas eleccións o 64% dos votos e 404 escaños dos 553 que compoñían a Cámara.

Tras as eleccións, produciuse a crise máis grave do fascismo a raíz do **asasinato do deputado socialista Matteotti** por bandas fascistas. Este deputado reclamara a nulidade das eleccións porque o fascismo utilizara a violencia e a intimidación. Mussolini respondeu acelerando a implantación da ditadura. O primeiro paso foi impedir aos socialistas que ocupasen os seus escaños no Parlamento.

3.4. A ditadura fascista

Desde 1925-1926, Mussolini, sen oposición ningunha, desenvolveu as chamadas **«leis fascistísimas»**, que incluían medidas diversas: a creación dun tribunal de delitos políticos e unha policía política secreta, a OVRA (Organización de Vixilancia e de Represión do Antifascismo); a eliminación dos demais partidos e dos sindicatos, e a implantación da censura de prensa. Ademais, os poderes de Mussolini foron desde entón ilimitados. (Doc. 11)

A fascistización do Estado conduciu a un **réxime totalitario de partido único**, o Partido Nacional Fascista. Pero o partido era un mero órgano burocrático encargado da propaganda e do control ideolóxico das masas. O poder residía en Mussolini (o *duce*), asistido nolo Gran Consello Fascista. O proceso completouse en 1938, cando se **aboliu a Cámara de Deputados** e se substituíu pola Cámara dos Fascios e das Corporacións.

A sinatura dos **Pactos de Letrán** (1929) consolidou o réxime e puxo fin ao litixio entre o Estado italiano e a Igrexa católica. Nació oficialmente o Estado do Vaticano. Recoñeciase o catolicismo como a única relixión do Estado, e a relixión volveu ensinárselle obrigatoriamente nas escolas. A cambio, a Santa Sé reconeceu o Estado fascista e a capitalidade de Roma.

SABER MÁIS

A política exterior de Mussolini

Antes da chegada ao poder de Mussolini, Italia xa anhelaba estender a súa influencia no Mediterráneo e nos Balcáns e crear un imperio colonial en África. A estas aspiracións agregouse o revisionismo italiano causado pola desilusión da Conferencia de Paz de París de 1919-1920, coñecida en Italia como a «vitoria mutilada».

Mussolini reavivou eses obxectivos impulsando unha política exterior oportunista que tiña como obxectivo converter Italia nunha gran potencia. Entre os anos vinte e trinta, os seus intentos de revisión do Tratado de Saint-Germain e a política respecto aos Balcáns apenas obtiveron resultados, salvo a ocupación de Fiume en 1924 e a sinatura en 1926 dun tratado de amizade con Albania que, de feito, a convertía nun estado satélite de Italia.

Desde mediados dos anos trinta, Mussolini adoptou unha postura claramente expansionista que o levou á alianza con Alemaña. En 1935-1936 tropas italianas invadiron Etiopía. Esta conquista foi condenada pola Sociedade de Nacións; e, mentres Reino Unido e Francia se distanciaban de Mussolini, produciase o achegamento a Hitler, que se estreitaría coa participación dos dous na Guerra Civil española e coa formación do Eixe Roma-Berlín en 1936.

Adoutramento e control social

O Estado fascista aspirou a controlar a forma de pensar e as actividades da poboación. Por iso outorgou unha grande importancia á **educación**. Os mestres foron obrigados a impartir clases vestidos coa camisa negra e os profesores universitarios tiveron que xurar fidelidade ao réxime. Así mesmo, os nenos e mozos entre os 4 e os 18 anos debían formar parte de **organizacións xuvenís controladas polo partido**, como a Obra Nacional *Balilla*. Intentábase forxar ao «italiano novo» nas virtudes militares da disciplina e da obediencia. (Doc. 6)

O réxime fascista animou en teoría ás **mulleres** a saír do ámbito doméstico, pero a lexislación laboral penalizounas na orde salarial. Ademais, a defensa dunha política natalista reforzou o seu papel de esposa e nai.

Mussolini pretendeu exercer un **control total sobre a cultura e os medios de comunicación** (prensa, radio e cine) mediante o Ministerio de Prensa e Propaganda e o de Cultura Popular.

O corporativismo e o dirixismo económico


O fascismo optou polo **sistema corporativista**. O Estado fascista pretendía organizar a economía e xestionar as organizacións sociais (**sindicatos e patronal**) baixo o principio da colaboración de clases. Pero este sistema foi unha fachada que permitiu ao réxime controlar estes grupos a través do Ministerio e do Consello Nacional de Corporacións. O corporativismo iniciouse con leis laborais como a **Carta do Traballo** (1927), que só permitía os sindicatos fascistas e declarou ilegal a folga.

O fascismo aplicou, primeiro, unha política económica liberal favorable ás grandes empresas que deu paso, en 1925, a unha **política intervencionista**. Con gran despregamento propagandístico impulsou un conxunto de iniciativas presentadas como «**batallas**»: a batalla do trigo, que pretendía lograr o autoabastecemento de cereal sen necesidade de importar; (Doc. 14) a batalla da lira, que supuxo a revalorización da lira a forza de reducir os salarios un 20%; un proxecto para poñer en produción áreas pantanosas do val do Po...

Tras a crise de 1929 optouse pola **autarquía**. Fomentouse a concentración industrial e en 1933 creouse o Instituto para a Reconstrución Industrial (**IRI**) para canalizar os investimentos do Estado cara a industrias de valor estratéxico. A partir de 1936 deseñouse unha auténtica **economía de guerra** que sustentase o expansionismo fascista. (Doc. 12)

ACTIVIDADES

13. **Define:** Fascios Italianos de Combate, escuadristas, Confindustria, *duce*, leis fascistísimas, OVRA, corporativismo, autarquía.
14. **Resume** os factores que favoreceron a chegada ao poder de Mussolini.
15. **Analiza** as tácticas que empregou o fascismo para alcanzar o poder.
16. **Explica** como logrou a ditadura de Mussolini un estrito control da sociedade e da cultura.
17. **Describe** a evolución da economía italiana baixo o réxime fascista.
18. **Investiga** en Internet e explica o papel que se asignaba no fascismo á muller.



Doc. 13 **Aéreo-retrato de Benito Mussolini aviadador, por Alfredo Gauro Ambrosi.**

- Sobre que cidade se superpón a imaxe de Mussolini?
- Que mensaxe cres que trata de transmitir esta pintura?



Doc. 14 **Mussolini participando na batalla do trigo.**

- Describe a imaxe. Cal era o obxectivo desta «batalla»?



Doc. 15 Levantamento
espartaquista en Berlín, 1919.

- Quen eran os espartaquistas?
- Investiga por que se produciu este levantamento.

Doc. 16 Programa do Partido Nacional Socialista dos Traballadores Alemáns.

Hitler está en contacto cos alemáns de Checoslovaquia e de Austria, e reclama a unión de todos os alemáns nunha Gran Alemaña [...]. Coa mesma enerxía, Hitler esixe a supresión dos Tratados de Versalles e de Saint-Germain e a restitución das colonias alemás.

Un lugar moi particular ocupa no programa do movemento a idea «racista». [...]

[...] Quere recoñecer como cidadáns alemáns só aos alemáns de raza e reclama para os demais un estatuto legal de estranxeiros. [...]

Hitler é adversario do parlamentarismo. O partido de Hitler quere, por de pronto, erixir unha ditadura que durará ata o momento en que a miseria actual de Alemaña chegase ao seu fin. O ditador en que se pensa, evidentemente, é Hitler.

Os principios programáticos do nacionalsocialismo, segundo o periódico *Kreuzzeitung*, 28 de decembro de 1922

- Sintetiza os puntos principais deste programa político.

4 A Alemaña nazi

En novembro de 1918, tras a abdicación do emperador Guillerme II e mentres continuaban os combates da Primeira Guerra Mundial, o Partido Socialdemócrata (SPD) proclamou a república en Berlín e o seu líder, Ebert, foi nomeado chanceler (xefe do Goberno). A nova república tivo que facer fronte de inmediato á sinatura do **armisticio** cos aliados, aos intentos insurreccionais da esquerda radical e da dereita nacionalista e aos graves problemas económicos e políticos da posguerra.

Tras un breve período de estabilización, a **Gran Depresión** de 1929-1932 supuxo un golpe devastador para a democracia en Alemaña e impulsou ao nazismo ao poder.

4.1. A República de Weimar

En xaneiro de 1919 a nova república sufriu a súa primeira crise coa insurrección dos **espartaquistas***, partidarios de seguir o exemplo bolxevique e instaurar unha república socialista. Os socialdemócratas, co apoio do exército e dos corpos de voluntarios formados por oficiais e soldados desmobilizados, esmagaron a revolta con violencia, e os seus dirixentes Karl Liebknecht e Rosa Luxemburgo foron asasinados. (Doc. 15)

Por aquel tempo, a nova república tamén tivo que facer fronte aos ataques da extrema dereita protagonizados polos **freikorps***, que dirixiron a súa violencia contra os membros das organizacións de esquerda.

No medio desta crise celebráronse eleccións a unha **Asemblea Constituínte**, que se reuniu na cidade de **Weimar**. A Asemblea elaborou unha Constitución que estableceu unha república federal baseada nos principios democráticos (sufraxio universal masculino e feminino). O presidente da república era elixido cada sete anos e concedéronse poderes extraordinarios.

O chanceler ou xefe do Goberno era designado polo presidente e necesitaba o apoio do Parlamento (Reichstag). O socialdemócrata **Ebert** foi elixido presidente da república.

Tras as eleccións de 1919 os tres grandes partidos moderados, o Partido do Centro, o Partido Democrático (DDP) e o Partido Socialdemócrata (SPD), formaron un **Goberno de coalición**, a coñecida como **Coalición de Weimar**. A primeira decisión do novo Goberno foi a sinatura do humillante **Tratado de Versalles**, que pola dureza dos seus termos se converteu nunha pesada carga para a república. A Primeira Guerra Mundial tivo efectos económicos negativos para Alemaña (inflación e desvalorización do marco), pero estas consecuencias agraváronse aínda máis a causa das pesadas indemnizacións de guerra que se impuxeron ao país.

Nos primeiros anos da súa existencia, a república viviu unha situación de grave inestabilidade económica, especialmente nos anos 1922 e 1923, nos que a **hiperinflación** arruinou o país. Esta situación deu lugar a un gran malestar social e político e a unha crecente desconfianza da poboación cara ao novo sistema republicano. Neste clima aumentou a radicalización política e o descontento coa democracia.

Entre 1924 e 1929 a República de Weimar coñeceu un **período de estabilidade**, despois de que as potencias vencedoras na Primeira Guerra Mundial decidisen axudar a Alemaña a saír da crise.

4.2. Os comezos do nazismo

En 1919, en Múnic, fundouse un de tantos partidos nacionalistas que difundían unha propaganda antiliberal e racista, o Partido dos Traballadores Alemáns (DAP). Co ingreso de **Hitler** neste partido comezou propiamente a historia do nacionalsocialismo ou movemento nazi. En 1920 dirixiu un comité que elaborou o programa de 25 puntos do partido, que cambiou o seu nome polo de **Partido Nacional Socialista dos Traballadores Alemáns (NSDAP)**. Ese ano formáronse as **SA***, unha organización paramilitar que pronto exerceu a violencia contra os seus adversarios.

A ideoloxía do partido nazi era un confuso conxunto de postulados dirixido a todas as clases sociais. (Doc. 16) Igual ca o fascismo italiano, defendeu un «**socialismo nacional**» anticapitalista que, a diferenza do socialismo marxista, superase a loita de clases en beneficio dos «intereses superiores da nación». As ideas centrais do programa foron dúas:

- A necesidade de establecer unha **ditadura nacionalista** forte e capaz de preservar a **pureza racial** e eliminar os inimigos de Alemaña: os demócratas, os marxistas e os xudeus.
- O desexo de unir a todos os alemáns nunha **Grande Alemaña**, dotada dun «espazo vital» que asegurase o desenvolvemento da raza aria.

Hitler, elixido líder do partido en 1921, impuxo no NSDAP unha estrutura elitista e xerarquizada, na que o *führer* (xefe) constituíse o soporte central da organización.

En 1923, no medio da hiperinflación e da exaltación nacionalista provocada pola ocupación do Ruhr por tropas franco-belgas, grupos ultranacionalistas de dereitas, entre os que estaba Hitler e o seu pequeno partido, prepararon un golpe de Estado coñecido como **putsch de Múnic**, que fracasou estreptosamente. Hitler foi metido no cárcere. Na prisión escribiu *Mein Kampf* (A miña loita), libro en que expuxo os principios básicos do nazismo.

En 1925, tras a súa saída da prisión, Hitler refundou o partido e reformulou o seu programa co fin de ampliar os seus apoios sociais: **limitou os seus postulados anticapitalistas** á loita contra os financeiros xudeus, utilizou eficazmente a profunda corrente **antisemita e anticomunista** existente en Alemaña, e a grande impopularidade do Tratado de Versalles. Cambiou de estratexia para transformar o seu partido nun **movemento de masas**. Decidiu aceptar o xogo parlamentario (Doc. 17) e utilizou con grande eficacia todos os métodos de propaganda, os mitins, as marchas, os uniformes e a instrución militar como medio para alcanzar o poder.

Doc. 17 A «revolución legal».

Entramos no Reichstag para aprovisionarnos de armas no mesmo arsenal da democracia. Presentámonos a deputados para paralizar a democracia de Weimar coa súa propia axuda. Se a democracia é tan estúpida que nos concede axudas de custo e viaxes pagadas para o noso labor carniceiro, alá ela [...]. Se nestas eleccións logramos introducir sesenta ou setenta axitadores do noso partido nos distintos Parlamentos, o Estado mesmo montará e financiará o noso propio equipo de combate [...]. Tamén Mussolini entrou no Parlamento, pese ao cal non tardou moito en desfilar cos seus camisas negras por Roma [...]. Non hai que crer que o parlamentarismo é a nosa meta [...]. Vimos como inimigos! Vimos cal lobo que ataca o rabaño [...].

JOSEPH GOEBBELS, *Der Angriff*, 30 de abril de 1928

- Explica en que consistía a «revolución legal».

Adolf Hitler (1889-1945)

Naceu en 1889 en Braunau (Austria). Fillo dun aduaneiro, recibiu unha escasa formación. En 1913 fuxiu a Múnic para non prestar o servizo militar. Ao estalar a Primeira Guerra Mundial enrolouse no exército alemán e alcanzou o grao de cabo. De volta a Múnic ingresou nun pequeno partido ultradereitista.

En 1920 participou directamente na refundación do partido como Partido Nacional Socialista dos Traballadores Alemáns (NSDAP).

En 1923 intentou tomar o poder pola forza (*putsch* de Múnic). Fracasou e foi metido no cárcere. A raíz da profunda crise económica de 1929, e combinando a loita electoral coa violencia na rúa, fíxose co poder en 1933.

A partir de entón instituíu unha ditadura totalitaria. Empezou rearmar a Alemaña e emprendeu unha política exterior agresiva que desembocou no estalido da Segunda Guerra Mundial en 1939.


Tras case seis anos de guerra, Alemaña foi derrotada e Hitler suicidouse no búnker da chancelaría de Berlín o 30 de abril de 1945.



*Espartaquistas: Grupo minoritario do Partido Socialdemócrata alemán defensor da revolución. En 1919 constituíron o Partido Comunista de Alemaña ou KPD.

*Freikorps: «Corpos libres» ou «Corpo de voluntarios». Organizacións paramilitares ultranacionalistas e de extrema dereita. Estaban formadas por oficiais e soldados desmobilizados tras a fin da Primeira Guerra Mundial.

*SA (*Sturmabteilung* ou Sección de Asalto): Organización paramilitar nazi. Os seus membros distinguíanse polo seu uniforme pardo e polo brazaletes co símbolo da esvástica.



FONTE: <http://facultystaff.vwc.edu/>

Doc. 18 Resultados electorais en Alemaña entre 1928 e 1933.

Comenta os gráficos.

Docs. 19 e 20 Cartéis alemáns de propaganda electoral en 1932.

Describe os dous cartéis. Que mensaxe pretende transmitir cada un deles?

4.3. A crise da república e o ascenso do nazismo

A Gran Depresión incrementou o apoio electoral aos nazis. A crise tivo uns efectos catastróficos. A repatriación de capitais estadounidenses produciu a quebra do sistema bancario alemán en 1931 e a produción industrial descendeu un 44 %. O desemprego elevouse en 1932 a máis de seis millóns de parados, o que provocou a miseria de amplas capas da poboación, en particular obreiros e clases medias. Os partidos da coalición de Weimar perderon prestixio e apoio social pola súa incapacidade para afrontar a crise. Polo contrario, os nazis ampliaron as súas bases entre as clases medias, a clase obreira, os grandes industriais e os terratenentes.

No medio da crise da república intensificáronse as actividades de violencia das SA. Nas eleccións de 1930 o NSDAP pasou de 12 a 107 escanos, e converteuse no segundo partido máis importante do Reichstag. Hitler aproveitou este éxito para intensificar os seus contactos coa dereita tradicional, incluídos os nacionalistas, o Exército, os magnates da industria pesada (Krupp, Thyssen, Siemens) e os grandes propietarios.

O ano 1932 foi o momento máis intenso da crise política. A dimisión do chanceler Brüning deu paso a unha serie de gobernos autoritarios, que actuaron á marxe do Parlamento, apoiados polos poderes extraordinarios que a Constitución concedía ao presidente da república.

Nas eleccións presidenciais de 1932 só dous candidatos tiñan posibilidades de vitoria: Hindenburg, que se presentaba á reelección co apoio da dereita moderada e dos socialdemócratas, e Hitler. Venceu o presidente Hindenburg.

Hindenburg nomeou chanceler a Von Papen e convocáronse novas eleccións en xullo de 1932, nas que o NSDAP logrou 230 escanos e o 37,3 % dos votos, co que se convertía no primeiro partido do país, aínda que lonxe da maioría absoluta. Von Papen intentou debilitar os nazis e solicitou novas eleccións en novembro, nas que o NSDAP perdeu dous millóns de votos. Parecía que o partido nazi entraba en declive. (Docs. 18, 19 e 20)

O traballador no imperio das cruces gamadas. Polo tanto, elixe a candidatura socialdemócrata.

O pobo elixe a candidatura nacional-socialista.



Pero en xaneiro de 1933 Von Papen persuadiu a Hindenburg para que nomease a **Hitler chanceler** nun Goberno de coalición entre os nazis e a dereita clásica. Os dous pensaron que ao elevar ao poder ao líder nazi, este quedaría sometido ás directrices da dereita tradicional. Trabucáronse.

4.4. A ditadura nazi e o nacemento do Terceiro Reich

Entre febreiro de 1933 e agosto de 1934 construíuse en Alemaña o **Estado totalitario**. Unha vez no Goberno, Hitler mantivo o seu radicalismo e afañouse por acaparar todos os resortes do poder, desprezando os seus socios de coalición. Primeiro obtivo de Hindenburg a disolución do Reichstag e a convocatoria de novas eleccións en marzo de 1933, para reforzar o Executivo. A campaña electoral desenvolveuse nun clima de violencia extrema, no que as organizacións paramilitares nazis (SA e SS*) frustrigarán continuamente os partidos de esquerdas.

Neste ambiente produciuse o **incendio do Reichstag**, o 27 de febreiro de 1933. Os nazis dixeron que era parte dun complot comunista e aproveitaron a situación para suspender os dereitos fundamentais e expulsar os comunistas do Reichstag.

En marzo de 1933, no medio deste estado de excepción, celebráronse as eleccións. A pesar da represión contra os partidos de esquerdas, o NSDAP non logrou a maioría absoluta (43,9% dos votos). Pero os nazis apoiáronse, de novo, nos partidos de dereitas. Deste xeito, o novo Parlamento aprobou unha lei que outorgaba ao chanceler **plenos poderes durante catro anos** para promulgar leis sen consultar ao Reichstag; só os socialdemócratas se opuxeron. Hitler, que se convertera de feito en ditador, utilizou esa lei para eliminar todos os partidos políticos, excepto o NSDAP. Alemaña converteuse nunha **ditadura de partido único**.

Entón, Hitler dedicouse a construír o «novo Estado». Para iso necesitaba o apoio do exército e a oligarquía económica, polo que decidiu eliminar os elementos radicais das SA, que eran vistos por estes sectores como unha ameaza case revolucionaria. O 30 de xuño de 1934, a **«noite dos coitelos longos»**, Hitler ordenou o asasinato do xefe das SA, Röhm, e dos seus principais dirixentes, así como de destacados opositores.

Coa morte do presidente Hindenburg, en agosto de 1934 Hitler deu o seu último paso. Agora, co apoio do exército, **asociou a chancelaría á presidencia do Reich**. Iso significou a subordinación do novo exército (Wehrmacht) e da policía ao partido nazi. As SS e a Gestapo convertéronse en garantes da política do **Terceiro Reich**. (Doc. 21)

4.5. A política nazi de adoutrinamento e propaganda

O réxime nazi desatou unha campaña masiva de adoutrinamento e control ideolóxico que tiña como obxectivo empapar a toda a sociedade da ideoloxía nacionalsocialista e fomentar o **culto ao führer** como un ser infalible. Parte deste adoutrinamento levouse a cabo a través da **educación** e das **organizacións xuvenís**. Rapaces e rapazas desde os dez anos, rixidamente separados, entraron a formar parte das Xuventudes Hitlerianas, (Doc. 22) nas que se lles inculcaba a camaradaría, a obediencia e o sentido do deber. A educación foi rigorosamente controlada co fin de adoutrinar a xuventude nas teorías racistas, no antisemitismo e no militarismo. Os profesores tiñan que pertencer obrigatoriamente á Asociación de Profesores Nazis, e as universidades quedaron baixo a autoridade do Goberno, que nomeou os rectores.



Doc. 21 Heinrich Himmler, xefe das SS e da Gestapo.

- Investiga e explica que foi a Gestapo.

*SS (Schutzstaffel ou Escuadrón de Protección): Fundadas en 1925 como garda persoal de Hitler, en 1929 transformáronse no corpo de elite do nacionalsocialismo ligado por xuramento a Hitler.



Doc. 22 Cartel das Xuventudes Hitlerianas.

- Describe a imaxe. Que símbolos do nazismo ves nela?



Doc. 23 Caricatura de Joseph Goebbels.

- Describe a caricatura. Que aspecto da política cultural nazi critica?

Doc. 24 Cartel nazi en que se exalta o ideal da raza aria.

- Que grupos sufriron as consecuencias da política racial nazi?
- Cres que en Europa existe hoxe algún tipo de discriminación por razóns étnicas? Explica a túa opinión.



Tamén se **suprimiu a liberdade de expresión** e censuráronse todas as actividades literarias e artísticas. Confeccionáronse listas de autores prohibidos e organizouse a queima de libros contrarios á ideoloxía nazi.

A **propaganda nazi** utilizou con moita eficacia os medios de comunicación (prensa, radio) e a cultura (cine, música, teatro, artes plásticas, arquitectura) para difundir os valores patrióticos e racistas. **Joseph Goebbels** concentrou na súa persoa, desde 1933, a educación e todo o aparello ideolóxico do Terceiro Reich, á fronte do Ministerio para a Formación do Pobo e da Propaganda. Calquera medio de comunicación fóra do control nazi foi prohibido ou absorbido. (Doc. 23)

4.6. Racismo e antisemitismo

Un dos obxectivos prioritarios do Estado nazi foi asegurar a cohesión social, substituindo a división en clases sociais pola **unidade e a supremacía racial**. Para iso consideraba necesario suprimir todas as «impurezas» que non se axustaban ao estereotipo ario.

Con todo, o grupo máis amplo de vítimas da «limpeza» racial foi a comunidade xudía. (Doc. 24) As medidas contra os xudeus pasaron por tres fases:


- Entre 1933 e 1938 impulsouse unha ampla lexislación que eliminou os dereitos políticos e sociais dos xudeus e que lles expoliou os seus bens. En 1935 promulgáronse as **leis de Núremberg**, que excluiron os xudeus da cidadanía alemá e prohibían os matrimonios mixtos.
- Desde finais de 1938 o antisemitismo fíxose máis violento. Na noite do 9 ao 10 de novembro de 1938, a **«noite dos cristais rotos»**, tendas e sinagogas xudías foron saqueadas e destruídas polas SA e as SS. Inmediatamente despois, miles de xudeus alemáns e austríacos foron detidos e encerrados en campos de concentración.
- A partir de 1942, en plena Segunda Guerra Mundial, Hitler ordenou a **«Solución Final»**, é dicir, o programa de eliminación total da poboación xudía de Europa, que se levou a cabo a través dunha inmensa rede de campos de traballo e exterminio situados en diferentes países. Neles morreron máis de seis millóns de xudeus.

A DEBATE

A política racial do nazismo


A ideoloxía racial de Hitler levou ao extremo as teorías pseudocientíficas expostas polos chamados «darwinistas sociais», que divulgaron a teoría da selección natural do máis forte tanto entre os animais coma entre os seres humanos. De aí que a prioridade fundamental do sistema nazi fose conseguir a chamada «comunidade do pobo» (*Volksgemeinschaft*) mediante unha limpeza racial que acabase con todas as «impurezas» e asegurase a supervivencia da raza aria. Por iso, desde a súa chegada ao poder, o réxime nazi adoptou medidas polas que se excluíu e incluso se eliminou a todos os que puidesen minar a pureza racial.

O proceso iniciouse en xullo de 1933 coa Lei para a Prevención de Proxenie con Enfermidades Hereditarias, que permitiu a esterilización forzosa de persoas con deficiencias físicas ou mentais. No verán de 1939 deuse un paso máis coa matanza sistemática de discapacitados físicos e mentais e de «marxinados sociais», enmascarada como un proxecto de eutanasia. Proseguíuse coas leis de Núremberg relativas aos xudeus e pouco despois abríronse os campos de concentración para xudeus e xitanos, aos que se lles aplicaría durante a guerra a chamada «Solución Final», é dicir, o exterminio.



Doc. 25 Evolución do desemprego en Alemaña.

- Que relación existe entre os datos que mostran ambos os gráficos? Por que se di que a política económica nazi dependía do estalido dunha guerra?



Doc. 26 Evolución do investimento público en Alemaña.

4.7. Autarquía e rearmamento

O Goberno nazi interveu na economía. Nas fábricas introduciuse unha rixida estrutura para asegurar a orde e a disciplina dos traballadores. Os sindicatos foron eliminados mediante a violencia e os obreiros foron obrigados a integrarse no sindicato nazi **Fronte Alemá do Traballo**.

Adoitan distinguirse dous períodos na política económica do Terceiro Reich. O primeiro deles corresponde aos anos 1934-1936 e centrouse nos **problemas máis preocupantes**: a reactivación da economía, o impulso do comercio exterior e a diminución do desemprego. (Doc. 25) Para reducir o número de parados emprendéronse algunhas obras públicas (autoestradas, aeroportos, estadios, etc.).

Desde 1936, co **plan cuadrrienal**, ^{no segundo} púxose en marcha unha decidida política de **autarquía económica e de rearmamento intensivo**. Impulsouse ao máximo a utilización dos recursos do solo e do subsolo, desenvolveuse a produción de sucedáneos e de produtos sintéticos (para evitar ter que depender das importacións) e incrementáronse os investimentos nos sectores relacionados coa industria de guerra (armamento, siderurxia, química...).

(Doc. 26) Tamén se conxelaron os salarios, alongouse a xornada laboral e impúxose incluso o racionamento. Goering foi o encargado do plan cuadrrienal e da política de rearmamento.

Pero a autarquía non foi total pola falta de materias primas estratéxicas (petróleo, caucho) e de alimentos. A solución consistiu, segundo os postulados do nazismo, na **ampliación do «espazo vital»** alemán, é dicir, na guerra para anexionar territorios e recursos doutros países.

O **aumento da produción** e o **pleno emprego** fixeron esquecer aos alemáns os sacrificios impostos aos obreiros (conxelación de salarios e aumento da xornada laboral). Por iso, as clases medias e os cañpeseños convertéronse no auténtico soporte social do réxime. Pero a política económica era insustentable a longo prazo e o seu mantemento dependía do estalido dunha guerra para dar saída á grande acumulación de armamento e obter recursos doutros países.

ACTIVIDADES

19. **Define:** espartaquistas, Reichstag, Coalición de Weimar, SA, putsch de Múnic, SS, Solución Final, espazo vital.
20. **Explica** que problemas debilitaron a República de Weimar.
21. **Compara:**
 - O programa do fascismo co do nazismo.
 - As tácticas que cada un adoptou para chegar ao poder.
 - Os procesos de implantación do Estado totalitario en Italia e en Alemaña.
22. **Analiza** como se levou a cabo o adoutramento da sociedade no fascismo e no nazismo.
23. **Investiga** en Internet sobre os grupos étnicos que foron obxecto da «limpeza racial» nazi.